



Discurso da Sra. presidenta do Parlamento de Galicia, dona Pilar Rojo Noguera, na sesión plenaria constitutiva da Cámara galega o día 1 de abril de 2009

Señoras e señores deputados:

Sei que o día de hoxe non é o momento de discursos, pero, seguindo a tradición instaurada na Cámara polos meus antecesores, gustárame dar as grazas, porque quero que as miñas primeiras palabras como presidenta do Parlamento de Galicia sexan de agradecemento, de agradecemento pero tamén hoxe de recordo para un compañeiro que non está aquí, desexando de corazón que pronto estea de novo con nós.

En primeiro lugar, grazas, en nome dos membros da Mesa desta Cámara, aos deputados e ás deputadas por elixirnos e pola confianza que todos depositan en nós; e grazas tamén no meu propio nome a Alberto Núñez Feijóo e aos meus compañeiros do grupo parlamentario polo seu apoio incondicional á miña persoa para exercer tan alta responsabilidade.

Señorías, hoxe constituímos o Parlamento de Galicia na VIII lexislatura, dando así cumprimento ao proceso democrático do pasado día 1 de marzo, no que os galegos e as galegas deron un exemplo de participación histórica. A sociedade galega falou, e agora, como representantes seus, debemos ter presente ese mandato levando adiante un traballo rigoroso e construtivo nesta Cámara co obxectivo de buscar entre todas solucións reais aos problemas reais que temos os cidadáns galegos.

É certo que nunha democracia de partidos nos separan cousas, pero únenos a todos algo moito máis importante, que é a paixón e as enormes ganas de traballar por Galicia. A ese consenso apelo hoxe, máis aínda, se cabe, polos momentos de especial dificultade económica que nos toca vivir. Os galegos deben sentir que o noso traballo realmente os representa, e o balance final desta lexislatura que hoxe comeza debe convencer ao noso pobo de que aquí estamos para servilo.



Quixera tamén ter unhas palabras de recoñecemento e de recordo para aqueles a quen hoxe teño a honra de suceder nesta Presidencia. Dende Antonio Rosón, como o primeiro presidente desta Cámara –que estou segura é unha referencia para moitos de nós e que hoxe inspira tamén as miñas palabras–, a Tomás Pérez Vidal, Victorino Núñez, José María García Leira e, cómo non, para Dolores Villarino, a persoa a quen hoxe substitúo e que abriu a porta ás mulleres na Presidencia desta Cámara. Eu espero, sinceramente, que o meu nomeamento contribúa tamén a que o acceso das mulleres aos diferentes postos de responsabilidade se asuma con naturalidade e a que o feito do xénero deixe dunha vez de ser noticia.

Remato co desexo de que todos os membros desta Cámara sexamos capaces de sentir e recoller as necesidades e inquedanzas dos galegos e das galegas.

E xa para rematar, declárase constituída a VIII lexislatura do Parlamento de Galicia en virtude do artigo 5 do Regulamento, constitución que será comunicada ao Rei, ao Senado, ao presidente en funcións da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno da nación.

Moitas grazas.